

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

*EXTRACTO da Resolución do 15 de febreiro de 2023 pola que se convocan axudas propias para a mobilidade de persoal investigador, ano 2023.*

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode atopar na Base de datos nacional de subvencións <https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/675852>

BDNS (Identif.): 675852.

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Grupo 1:

– Alumnado de doutoramento. Quen sexa beneficiaria ou beneficiario dunha axuda de apoio á etapa predoutoral non poderá solicitar axuda para a mesma estadía para a cal ten concedido financiamento autonómico ou estatal.

Grupo 2:

– Persoal investigador posdoutoral contratado no marco do programa competitivo Juan de la Cierva Formación.

– Persoal investigador contratado no marco de calquera programa competitivo de persoal investigador predoutoral en formación que se encontre no período de orientación posdoutoral (POP).

Segundo. *Modalidades*

Modalidade A: bolsas para viaxes.

Modalidade B: bolsas para estadias en centros de investigación.



**Terceiro. *Obxecto***

O obxecto desta convocatoria é financiar parcialmente os desprazamentos para presentar resultados de investigación e as estadías en centros de investigación, ou empresas no caso de programas coa mención de «Doutoramento industrial», de fóra de Galicia do persoal investigador que cumpra os requisitos sinalados, co obxectivo de contribuír ao intercambio de coñecemento e á mellora e internacionalización da súa actividade investigadora.

**Cuarto. *Bases reguladoras***

Resolución do 15 de febreiro de 2023 pola que se convocan axudas propias para a mobilidade de persoal investigador, ano 2023.

**Quinto. *Contía***

A contía total do crédito destinado a estas axudas será de oitenta mil euros (80.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 2023 00VI 131H 481.01.

**Sexto. *Prazo de presentación de solicitudes***

Desde o día 16 de febreiro ata o 15 de marzo de 2023.

Vigo, 15 de febreiro de 2023

O reitor da Universidade de Vigo  
P.D. (Resolución do 22.6.2022; DOG do 6 de xullo)  
Belén Rubio Armesto  
Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

